



## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

**CURSO 2013 – 2014**

### DOCUMENTO NÚMERO 1: PLAN ANUAL

#### **1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

As acción e recomendacións emanadas da Comisión Europea e do Consello de Europa dos últimos anos veñen configurando as políticas lingüísticas e a innovación na educación dos distintos países dentro da Unión, ao considerar a competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable.

Dentro do ámbito das linguas estranxeiras, o inglés converteuse en lingua global, en calidade de idioma de comunicación universal.

Por todo o anteriormente sinalado o noso colexio aumenta a súa participación dentro do programa de “CENTROS PLURILINGÜES” impartíndose a docencia na materia de plástica no 1º, 2º, 3º e 4º curso do da educación primaria en inglés.

Tamén somos un dos centros de Galicia seleccionados para a participación no “PROXECTO ABALAR”, o que significa a implantación de un ordenador por alumno nas aulas de 5º e 6º de Educación primaria e 1º e 2º da Educación Secundaria Obrigatoria, tentando mellorar e integrar o acceso dos rapaces ás novas tecnoloxías.

Tamén participamos no PLAN PROXECTA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA, nos seguintes campos:

- a) XOGADE.
- b) TERRA.
- c) CLASE SEN FUME.
- d) CONSUMÓPOLIS.
- e) QUÉROTE MÁIS.
- f) POR 365 DÍAS DE RESPETO E IGUALDADE
- g) DONAS DE SÍ
- h) ALIMENTA-T
- i) RECICLÁTE

No primeiro e segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria, temos para os alumnos que necesitan un reforzo, unha alternativa ao francés como segunda lingua estranxeira, incorporando tamén este ano un curso de DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR para alumnos de terceiro de Educación Secundaria Obrigatoria.

No terceiro curso da E.S.O., as opcionais son, Francés e Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras, e no cuarto curso hai cinco grupos diferentes de aprendizaxe segundo as opcións de asignaturas troncais e optativas elixidas polos nosos alumnos.

Xuntanse como anexo o “PROXECTO LINGÜÍSTICO” e “AS PROGRAMACIÓNS DOS DEPARTAMENTOS E CICLOS.”

O número de alumnos nas diferentes materias optativas é o seguinte:

#### 1º CURSO

Alternativa a 2ª Lingua Estranxeira (Francés) ... 12

Francés ..... 11

#### 2º CURSO

Alternativa a 2ª Lingua Estranxeira (Francés) ... 08

Francés..... 22

### 3º CURSO

Obradoiro de iniciativas emprendedoras.....17

Francés..... 14

### 4º CURSO

Os alumnos das asignaturas optativas e troncais son os seguintes:

Bioloxía.....14

Plástica.....05

Francés.....12

Informática.....19

Tecnoloxía.....07

Música.....05

Física e Química .....13

## **2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.**

1. Coord. de Inf.	ROCÍO LÓPEZ REYES
2. Coord. 1º Ciclo Prim	FLORES CAO GONZÁLEZ
3. Coord. 2º Ciclo Prim	Mª CARMEN RENDO LÓPEZ
4. Coord. 3º Ciclo Prim	FRANCISCO CHOUZA MATA
5. Xefe Depart. Tecnoloxía	JOSÉ DANIEL PEREIRO LÓPEZ
6. Xefe Depart. Plástica	MARGARITA SANÍN MATÍAS
7. Xefe Depart. Lingua Castelá	CARMEN LAGES PADÍN
8. Xefe Depart. Ciencias	MANUEL SÁNCHEZ RODRÍGUEZ
9. Xefe Depart. Sociais	ANTONIO LORENZO BUGALLO
10. Xefe Depart. Inglés	CARMEN FORJÁN GARCÍA
11. Xefe Depart. Francés	MARÍA LOURDES PIÑÓN LÓPEZ
12. Xefe Depart. Ed Física	SONIA PENA GÓMEZ
13. Xefe Depart. Matemáticas	JOSÉ ANTONIO RAMA LÓPEZ
14. Xefe Depart. Galego	DANIEL ASOREY VIDAL
15. Xefe Depart. Música	ANA ISABEL GARCÍA GUIMAREY
16. Xefe Depart. Física e Qu	CARMEN FERNÁNDEZ BOUZA
17. Xefe Depart. Relixión	ESTRELLA RÚA BARCIA

18. Xefe Depart. Orientación	CARMEN GARABAL GÓMEZ
19. Normaliz. Lingüística	DANIEL ASOREY VIDAL
20. Xefe Activ. Extraescolares	JULIAN GONZÁLEZ GONZÁLEZ
21. Bibliotecaria Plan Lector	M <sup>a</sup> DOLORES RODRÍGUEZ FÉLIZ
22. Coord. Plan T.I.C./ABALAR	DANIEL GARCÍA VÁZQUEZ
23. Coord. Plurilingüismo	ASUNCIÓN ALLER ALAMANCOS

#### EQUIPO DIRECTIVO:

- ❖ Director: Roberto L. Casal Devesa.
- ❖ Secretario: Daniel García Vázquez.
- ❖ Xefe de Estudos de Secundaria: Francisco Álvarez Vázquez.
- ❖ Xefe de Estudos de Primaria: Consuelo Bouzas Collazo.

As reunións conxuntas do equipo directivo serán os XOVES de 13:25 a 14:25 horas.

O claustro de profesores e o consello escolar reuniranse polo menos unha vez ao trimestre e sempre que sexa necesario.

Os turnos de vixancia de recreo estarán formados por tres profesores de Infantil, dous de Primaria, dous de Secundaria e un profesor na biblioteca.

### **3.- CONSELLO ESCOLAR.**

#### **PROFESORES:**

- ❖ CRISTINA ANDRADE PARDO
- ❖ MARÍA JESÚS GAY CHOUSA
- ❖ PILAR RIAL BUDIÑO
- ❖ CECILIA MURÁS GONZÁLEZ
- ❖ ANA ISABEL GARCÍA GUIMAREY
- ❖ CARMEN RENDO LÓPEZ

#### **PAIS:**

- ❖ SERGIO LOUZAO IGLESIAS
- ❖ MERCEDES FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
- ❖ GUADALUPE TOJO MOSQUERA

**ALUMNOS:**

- ❖ CARLOTA MILLÁN ANLLO
- ❖ LETICIA VILELA NANDE

**PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS:**

- ❖ ISABEL BOTANA QUINTÁS

**REPRESENTANTE DEL CONCELLO:**

- ❖ ADELA ISABEL IGLESIAS TOJO

**SECRETARIO:**

- ❖ DANIEL GARCÍA VÁZQUEZ.

**XEFES DE ESTUDIO:**

- ❖ CONSUELO BOUZAS COLLAZO.
- ❖ FRANCISCO ÁLVAREZ VÁZQUEZ.

**DIRECTOR:**

- ❖ ROBERTO CASAL DEVESA.

**4.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA.**

**PRESIDENTE:**

- ❖ ROBERTO CASAL DEVESA

**XEFES DE ESTUDIO:**

- ❖ MARÍA CONSOLACIÓN BOUZAS COLLAZO (PRIMARIA)
- ❖ FRANCISCO ÁLVAREZ VÁZQUEZ (SECUNDARIA)
- ❖ Orientación: CARMEN GARABAL GÓMEZ
- ❖ Infantil: ROCÍO LÓPEZ REYES
- ❖ 1º Ciclo Prim: FLORES CAO GONZÁLEZ
- ❖ 2º Ciclo Prim: CARMEN RENDO LÓPEZ
- ❖ 3º Ciclo Prim: FRANCISCO CHOUZA MATA
- ❖ Tecnoloxía: JOSÉ DANIEL PEREIRO LÓPEZ

- ❖ Plástica: MARGARITA SANÍN MATÍAS
- ❖ Lingua Castelá: CARMEN LAGES PADÍN
- ❖ Ciencias: MANUEL SÁNCHEZ RODRÍGUEZ
- ❖ Sociais: ANTONIO LORENZO BUGALLO
- ❖ Inglés: CARMEN FORJÁN GARCÍA
- ❖ Francés: MARÍA LOURDES PIÑÓN LÓPEZ
- ❖ Ed Física: SONIA PENA GÓMEZ
- ❖ Matemáticas: JOSÉ ANTONIO RAMA LÓPEZ
- ❖ Galego: DANIEL ASOREY VIDAL
- ❖ Música: ANA ISABEL GARCÍA GUIMAREY
- ❖ Física e Química: CARMEN FERNÁNDEZ BOUZA
- ❖ Relixión: ESTRELLA RÚA BARCIA
- ❖ Normaliz. Lingüística: DANIEL ASOREY VIDAL
- ❖ Coordinadora Biblioteca: M<sup>a</sup> DOLORES RODRÍGUEZ FELIZ.
- ❖ P.T. primaria: M<sup>a</sup> CARMEN RENDO LÓPEZ
- ❖ P.T. secundaria: M<sup>a</sup> CRUZ TARRÍO SUÁREZ
- ❖ A.L.: MANUEL CASARES PORRAL

## **5.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO**

- ❖ ROBERTO LUIS CASAL DEVESA (PRESIDENTE)
- ❖ FRANCISCO ÁLVAREZ VÁZQUEZ (XEF. EST. SEC.)
- ❖ CONSUELO BOUZAS COLLAZO (XEF. EST. PRIMARIA)
- ❖ CARMEN GARABAL GÓMEZ (XEF DEPT. ORIENTACIÓN)
- ❖ ANA ISABEL GARCÍA GUIMAREY (TITORA 2º E.S.O.)
- ❖ MARÍA JESÚS GAY CHOUSA (TITORA 4º PRIMARIA)

## 6.- DELEGADOS E SUBDELEGADOS DE CURSO:

CURSO	DELEGADO	SUBDELEGADO
6º	ALBERTO PAMPÍN RENDO	NATALIA FERNÁNDEZ ARES
1º ESO "A"	LAURA IGLESIAS LÓPEZ	RAÚL SANTOS CASTRO
1º ESO "B"	ROCÍO REY SUÁREZ	ANA VIEITES SÁNCHEZ
2º ESO "A"	AHINOA GENDRE PINTOR	SARA GÓMEZ MORENTIN
2º ESO "B"	CELIA FERNÁNDEZ RIAL	JOSÉ SOUTO RIAL
3º ESO "A"	ISABEL QUINTEIRO LOUZAO	BELÉN PENSADO QUINTÁS
3º ESO "B"	CRISTIAN LÓPEZ OTERO	CARLOTA MILLÁN ANLLO
4º ESO "A"	JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ CASTRO	PABLO CHICO SEGADE

Foi nomeado como representante dos alumnos a DELEGADA DE TERCEIRO DA ESO "B" e como membros da equipa de normalización lingüística:

- ❖ JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ CASTRO
- ❖ CRISTIAN LÓPEZ OTERO
- ❖ CARLOTA MILLÁN ANLLO

## 7.- RELACIÓN DE PAIS E PROFESORES.

Recordando sempre que a Educación é un esforzo común, non se pode pensar nuns bos resultados do proceso educativo, se a comunicación entre pais e profesores non é frecuente. Estes contactos deben incrementarse cando observemos calquera tipo de problema, e sempre coa intención de solucionalo, contando coa axuda e apoio do profesional do ensino. Ademais, o Colexio conta con un Departamento de Orientación, ao fronte do cal, estará un profesor licenciado en Psicoloxía e Pedagogía.

Este Departamento está formado por:

1. XEFA DO DEPARTAMENTO: CARMEN GARABAL GÓMEZ
2. P.T. PRIMARIA M<sup>a</sup> CARMEN RENDO LÓPEZ
3. P.T. SECUNDARIA M<sup>a</sup> CRUZ TARRÍO SUÁREZ
4. COORD. INF. ROCÍO LÓPEZ REYES
5. COOR. 1º CICLO PRIM. FLORES CAO GONZÁLEZ.
6. COOR. 2º CICLO PRIM. CARMEN RENDO LÓPEZ
7. COOR. 3º CICLO PRIM FRANCISCO CHOUZA MATA
8. AREA CIENTÍFICA CECILIA MURAS GONZÁLEZ
9. AREA LINGÜÍSTICA LOURDES PIÑÓN LÓPEZ.
10. AUDICIÓN E LINGUAXE MANUEL CASARES PORRAL

Se ó longo do curso a familia observase ou fose avisada de calquera anomalía, debe inmediatamente pórse en contacto co titor do seu fillo e colaborar na solución do problema.

### **8.- FALLA A CLASE DOS ALUMNOS.**

Nos tempos que nos cadraron vivir, faise imprescindible o control dos nosos fillos. O Colexio faise responsable dos alumnos dende o momento que entran no recinto escolar, no seu horario de clases, ata que estas finalizan. Para levar un control das posibles fallas a clase é necesario que vostede nos avise do motivo de non vir ó Colexio. No caso de non facelo, recibirá unha comunicación do Colexio e terá que devolvela firmada ao Colexio.

Os alumnos non poden saír do Colexio, a non ser que veñan a buscalos seus pais ou titores.



## **9.- RELACIÓN COAS FAMILIAS.**

O calendario de relacións coas familias dos alumnos é o seguinte:

- ❖ Reunión xeral de cada titor no mes de Outubro.
- ❖ Envío de informes polo menos unha vez ao trimestre.
- ❖ Reunións puntuais sempre que as circunstancias o aconsellen.
- ❖ Notificación inmediata da falla dos alumnos.
- ❖ Envío de circulares e notas informativas.
- ❖ Reunión mensual do director cos delegados de cada Parroquia.
- ❖ Reunión xeral trimestral.
- ❖ Colaboración nos actos e actividades extraescolares da A.P.A.

## **10.- ORGANIZACIÓN DE ESPACIOS.**

No andar baixo irán as aulas de Educación Secundaria, a de optativas, os seminarios, a cociña, o comedor e a Biblioteca.

No primeiro piso atoparanse as oficinas de Administración, Dirección, Departamento de Orientación, alumnos, A.P.A., aulas de Primaria, Agrupamentos Específicos e Educación Especial, titorías para os distintos ciclos de infantil e Primaria, sala de Profesores, sala de usos múltiples e aula de música e aula informática de Primaria.

As aulas de Infantil van no seu propio edificio.

No antigo edificio administrativo irán as aulas de tecnoloxía, informática, plástica, e laboratorio.

Para Educación Física temos dúas pistas polideportivas, o Ximnasio e o pavillón do Concello.

Cada local está sinalizado co seu letreiro correspondente.

Os alumnos de Secundaria usarán o novo patio cuberto, entrando no Colexio pola porta que está nel. Os alumnos de infantil e primaria, usarán o seu respectivo patio cuberto.

## **11.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.**

Segue vixente o plan aprobado no Consello Escolar de 12 de Abril de 2000, redactándose un novo PLAN DE AUTOPROTECCIÓN por unha empresa especializada.

## **12.- PROXECTO INTERDISCIPLINAR.**

Pretendemos un tratamento globalizador aos distintos aspectos que interveñen a hora de construír o coñecemento que, polas súas características facilite o tránsito da primaria á secundaria, buscando o achegamento de forma compartida por varias áreas do currículo.

Na vida os saberes presentanse coma un todo variado e múltiplo. Traballar esa multiplicidade é o obxectivo principal do proxecto interdisciplinar.

É tamén así mesmo un traballo compartido, en que conflúan os esforzos de cada persoa dos equipos creados na aula.

### **1.- OBXECTIVOS:**

- Traballo en equipo.
- Axuda mutua.
- Lectura comprensiva.
- Busqueda de información.
- Capacidade de resumo
- Posta en común da información.
- Elaboración de esquemas e resumos.
- Capacidade crítica.
- Reelaboración da información conseguida.

### **2.- METODOLOXÍA:**

- Ver o nivel informático dos alumnos:
  - Quen ten ordenador.
  - Quen o utiliza.
  - Coñecen "Word".
  - Saben adxuntar arquivos.
  - Saben baixar páxinas de internet.

- Utilizar as tres primeiras sesións para:
  - Aprender a abrir o ordenador.
  - Utilizar Word.
  - Utilizar búsquedas concretas.
  - Ler atentamente o que indica o índice da páxina.
  - Coñecer a orixe da páxina.
- Baixar páxinas a unha carpeta do ordenador:
  - Personalizar unha carpeta.
  - Baixar páxinas e fotografías a un pen-drive.
- Primeira sesión de traballo:
  - Distribuir a clase en equipos de traballo (3 ou 4 alumnos por equipo).
  - Entregar a cada equipo unha carpeta para reunir o material de búsqueda.
  - Cada alumno necesita un pen-drive.
  - Cada traballo será presentado nunha subcarpeta que se lle entregará.
- Realización do traballo.
  - Un alumno do grupo traballará con Word e confeccionará unha portada na que aparecerá unha fotografía ou debuxo alusivo ao tema, un rótulo co nome do proxecto, nome dos alumnos do equipo de traballo, clase, grupo e centro.
  - Os outros compañeiros do grupo realizarán a busca e internet das páxinas que necesitan. Un fará a búsqueda e o outro á súa veira irá apuntando tódalas páxinas que abran, indicando que utilizaron ou non.
  - Feita a búsqueda e atopado o material deberán leelo e imprimilo, facendo un resumo de entre unha e dúas páxinas como máximo, podendo copiar párrafos enteiros, pero sen ser unha copia directa dos traballos atopados.
  - Este resumo será pasado a Word.
  - Tamén se pasará a wordo o listado de páxinas abertas foran utilizadas ou non.

- O equipo indicará o que aprendeu, as dificultades que atopou e esporá posibles meloras de enfoque do traballo.
- O resumo será lido por un dos membros do equipo por sorteo diante da clase e será avaliado polo profesor indicando:
  - Capacidade de búsqueda.
  - Capacidade de resumo.
  - Capacidade de traballo en común.
  - Capacidade de autocrítica.
  - Capacidade de presentación.
- Elección do traballo:
  - Os traballos serán elexidos polos grupos dunha lista de traballos propostos.
    - Un traballo de ciencia.
    - Un traballo de arte.
    - Un traballo de temática social.
  - Ciencia:
    - Os terremotos.
    - Os volcáns.
    - O cambio climático.
    - A contaminación.
  - Arte:
    - Cantante ou grupo musical.
    - Serie televisiva.
    - Serie de debuxos animados.
    - Película.
    - Novela.
    - Edificio – monumentos.
  - Social:
    - Maltrato.
    - Buling.
    - Explotación infantil.
    - Prostitución.

- Xenofobia.
- Emigración.

## **DOCUMENTO Nº 2 HORARIO XERAL DO CENTRO.**

### **1.- HORARIO DAS CLASES:**

#### **Educación Infantil e Primaria:**

De luns a xoves: De 09:45 a 13:25 e de 14:25 a 16:05

Os venres: de 09:45 a 13'25

#### **Secundaria:**

Mañás:

De luns a venres: ..... de 09:45 a 15:15

Tarde do xoves: ..... de 15:55 a 17:35

**O CENTRO ABRIRÁ AS SÚAS PORTAS ÁS 09:35 H**

Na tarde dos XOVES, os alumnos de **Infantil e Primaria** que o desexen, faran actividades extraescolares organizadas pola APA e o Concello. **Este día os autobuses sairán do Colexio ás 16:05 cos alumnos que non fagan actividades, e ás 17:35 co resto de alumnos.**

Os venres os alumnos de Infantil e Primaria poderán realizar actividades dende as 14:00 horas ata as 16:00.

Nos meses de setembro e xuño o horario para tódolos alumnos é de 9'45 a 14'45.

O recreo será de 11:25 A 11:45, tendo os de secundaria outro descanso entre as 13:25 e as 13:35.

### **2.- BOLETÍNS DE AVALIACIÓN:**

Enviaranse nas seguintes datas:

- ❖ 1ª Avaliación..... 18 de Decembro
- ❖ 2ª Avaliación..... 26 de Marzo
- ❖ Avaliación Final..... 20 de Xuño Primaria  
23 de Xuño Secundaria

### **3.- CALENDARIO DE FESTIVIDADES E CELEBRACIÓNS:**

- ❖ Magostos ..... Mércores 30 de Outubro
- ❖ Nadal ..... Venres 20 de Decembro
- ❖ Arbore – Paz ..... Venres 31 de Xaneiro
- ❖ Entroido ..... Venres 28 de Febreiro
- ❖ Día do libro ..... Mércores 23 de Abril
- ❖ Letras Galegas ..... do 12 ao 16 de Maio

### **4.- VACACIÓNS ESCOLARES:**

- ❖ Día do maestro ..... 31 de Outubro.
- ❖ De Nadal ..... do 23 de Decembro ao 08 de Xaneiro
- ❖ Entroido ..... 03, 04 e 05 de Marzo
- ❖ Semana Santa .....do 14 ao 21 de Abril.
- ❖ Días elexidos polo Consello ..... Luns 17 de Febreiro e Venres 02 de Maio.

**5.- RELACIÓN DE PROFESORES,ASIGNATURAS OU NIVEL QUE IMPARTE E  
HORA DE ATENCIÓN OS PAIS**

PROFESOR/A	NIVEL	MATERIA	HORA ATENCIÓN
Cristina Andrade Pardo	Infantil 3 anos		Martes 13:25 a 14:25
Laura Fernández Cereiño	Infantil 4 anos		Mércores 13:25 a 14:25
María José Furelos Dios	Infantil 5 anos		Mércores 13:25 a 14:25
Rocío López Reyes	Apoio infantil		Mércores 13:25 a 14:25
Pilar Rial Budiño	1º Primaria "A"		Mércores 13:25 a 14:25
Carmen Castro Balboa	1º Primaria "B"		Mércores 13:25 a 14:25
Flores Cao González	2º Primaria		Martes 13:25 a 14:25
Consuelo Bouzas Collazo	3º Primaria	Xefe Estudos Primaria	Martes 13:25 a 14:25
María Jesús Gay Chousa	4º Primaria		Mércores 13:25 a 14:25
Francisco Yáñez Calviño	5º Primaria	E. Física/Castel./Galego	Mércores 13:25 a 14:25
Francisco Chouza Mata	6º Primaria		Mércores 13:25 a 14:25
Daniel García Vázquez	Música Inf/Prim	Matemáticas 5º	Mércores 13:25 a 14:25
Asunción Aller Alamancos	Inglés Primaria	Plástica 1º, 2º, 3º e 4º	Mércores 13:25 a 14:25
Roberto Luis Casal Devesa	Primaria/ESO	Coñec. 5,Galego 2º ESO DIRECTOR	Venres 09:45 a 10:35
Susana Villamor Lamas	Relixión Inf/Prim		Mércores 13:25 a 14:25
Manuel Casares Porral	A.L. (Prim)		Martes 13:25 a 14:25
María del Carmen Rendo López	P.T. (Prim)		Mércores 13:25 a 14:25
<b>EDUCACIÓN SECUNDARIA</b>			
Elena Lagoa Freire	Titor 1º A E.S.O.	Inglés 1º/4º- L. Cast. 3º	Mércores 12:35 a 13:25
Julián González González	Titor 1º B E.S.O.	Sociais 1º e 2º	Venres 11:45 a 12:35
Lourdes Piñón López	Titor 2º A E.S.O.	Francés	Venres 12:35 a 13:25
Ana Isabel García Guimarey	Titor 2º B E.S.O.	Música e Cidadanía	Xoves 12:35 a 13:25
Carmen Fernández Bouza	Titor 3º A E.S.O.	Fís e Quí, Matem 1º	Martes 11:45 a 12:35
Sonia Pena Gómez	Titor 3º B E.S.O.	Educación Física	Xoves 12:35 a 13:25
Carmen Lages Padín	Titor 3º P.D.C.	A. Ling., castelán 4º	Luns 10:35 a 11:25
José Antonio Rama López	Titor 4º E.S.O.	Matemáticas 3º e 4º	Mércores 12:35 a 13:25
Antonio Lorenzo Bugallo		Xeog. 3º e 4º/ Ética	Mércores 11:45 a 12:35
Francisco Álvarez Vázquez	X. EST. SECUND	Matemáticas 2º, At. Ed.	Mércores 11:45 a 12:35
María Dolores Rodríguez Feliz		Castelán 1º e 2º	Xoves 12:35 a 13:25
Cecilia Muras González		Bioloxía 3º/4º- A. Cient	Martes 10:35 a 11:25
José Daniel Pereiro López		Tecnoloxía	Martes 11:45 a 12:35
Manuel Sánchez Rodríguez		Ciencias 1º/2º, Obr. 3º	Luns 12:35 a 13:25
Daniel Asorey Vidal		Galego 1º, 3º e 4º	Venres 12:35 a 13:25
Margarita Sanín Matías		Plástica e Informát.	Luns 11:45 a 12:35
Carmen Forján García		Inglés 2º e 3º	Luns 11:45 a 12:35
María Cruz Tarrío Suárez		P.T. E.S.O.	Mércores 13:35 a 14:25
Estrella Rúa Barcia		Relixión	Venres 12:35 a 13:25
Carmen Garabal Gómez		Psicóloga	CONCERTAR ENTREVISTA



<b>1ª CLASE</b> 09:45 A 10:35	CLASE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
	1º A	CIENCIAS	SOCIAIS	CASTELÁN	RELIXIÓN	SOCIAIS	
	1º B	MATEMÁTICAS	CASTELÁN	CIENCIAS	SOCIAIS	MATEMÁTICAS	
	2º A	SOCIAIS	ED. FÍSICA	MATEMÁTICAS	CASTELÁN	CASTELÁN	
	2º B	OPTATIVA	MATEMÁTICAS	SOCIAIS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	
	3º A	GALEGO	XEOGRAFÍA	CASTELÁN	TECNOLOXÍA	RELIXIÓN	
	3º B	INGLÉS	TECNOLOXÍA	BIOLOXÍA	BIOLOXÍA	OPTATIVA	
	3º C	TECNOLOXÍA	A CIENTÍFICO	INGLÉS	INGLÉS	RELIXIÓN / OBRAD	
4º A	CASTELÁN	PLÁSTICA / MATEM	XEOGRAFÍA	MATEM / FÍS E QU.	XEOGRAFÍA		
<b>2ª CLASE</b> 10:35 A 11:25	CLASE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
	1º A	MATEMÁTICAS	CASTELÁN	CIENCIAS	SOCIAIS	MATEMÁTICAS	
	1º B	CIENCIAS	SOCIAIS	CASTELÁN	MATEMÁTICAS	PROXECTO	
	2º A	OPTATIVA	MATEMÁTICAS	SOCIAIS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	
	2º B	SOCIAIS	TECNOLOXÍA	MATEMÁTICAS	CASTELÁN	CASTELÁN	
	3º A	PLÁSTICA	ED. FÍSICA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	OPTATIVA	
	3º B	ED. FÍSICA	OPTATIVA	INGLÉS	MATEMÁTICAS	ED. FÍSICA	
	3º C	PLÁSTICA / E. FÍSIC	ED. FÍSIC / OBRAD	A CIENTÍFICO	A CIENTÍFICO	OBRAD / E FÍSICA	
4º A	GALEGO	INFORMÁTICA	ED. FÍSICA	INGLÉS	INGLÉS		
<b>3ª CLASE</b> 11:45 A 12:35	CLASE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
	1º A	CASTELÁN	OPTATIVA	INGLÉS	MATEMÁTICAS	ED. FÍSICA	
	1º B	GALEGO	ED. FÍSICA	MATEMÁTICAS	TITORÍA	RELIXIÓN	
	2º A	MATEMÁTICAS	GALEGO	INGLÉS	INGLÉS	CIDADANÍA	
	2º B	GALEGO	CASTELÁN	ED. FÍSICA	GALEGO	CIENCIAS	
	3º A	FÍSICA E QUÍMICA	MATEMÁTICAS	MÚSICA	MATEMÁTICAS	FÍS E QUÍMICA	
	3º B	XEOGRAFÍA	GALEGO	MATEMÁTICAS	TECNOLOXÍA	XEOGRAFÍA	
	3º C	A LINGÜÍSTICO	A CIENTÍFICO	A CIENTÍFICO	A CIENTÍFICO	A CIENTÍFICO	
4º A	FRANCÉS / TECN	XEOGRAFÍA	INFORMÁTICA	CASTELÁN	FRANCÉS / TECN.		
<b>4ª CLASE</b> 12:35 A 13:25	CLASE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
	1º A	GALEGO	MATEMÁTICAS	RELIXIÓN	INGLÉS	ED. FÍSICA	
	1º B	CASTELÁN	ED. FÍSICA	GALEGO	CIENCIAS	SOCIAIS	
	2º A	GALEGO	CASTELÁN	OPTATIVA	GALEGO	CIENCIAS	
	2º B	MATEMÁTICAS	GALEGO	INGLÉS	SOCIAIS	TECNOLOXÍA	
	3º A	MATEMÁTICAS	OPTATIVA	ED. FÍSICA	PLÁSTICA	INGLÉS	
	3º B	CASTELÁN	PLÁSTICA	PLÁSTICA	RELIXIÓN	MATEMÁTICAS	
	3º C	A LINGÜÍSTICO	OBRAD / PLÁSTICA	ED. FÍSICA / PLÁST	PLÁSTICA / RELIX	A CIENTÍFICO	
4º A	MÚSICA / BIOLOXÍA	GALEGO	MÚSICA / BIOLOXÍA	FRANCÉS / TECN	INFORMÁTICA		
<b>5ª CLASE</b> 13:35 A 14:25	CLASE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
	1º A	INGLÉS	GALEGO	GALEGO	PROXECTO	TITORÍA	
	1º B	PLÁSTICA	CIENCIAS	OPTATIVA	GALEGO	OPTATIVA	
	2º A	MÚSICA	TECNOLOXÍA	CIDADANÍA	SOCIAIS	TECNOLOXÍA	
	2º B	CIENCIAS	INGLÉS	TECNOLOXÍA	OPTATIVA	CIDADANÍA	
	3º A	INGLÉS	CASTELÁN	XEOGRAFÍA	MÚSICA	BIOLOXÍA	
	3º B	MATEMÁTICAS	MÚSICA	CASTELÁN	FÍSICA E QUÍMICA	GALEGO	
	3º C	A CIENTÍFICO	A LINGÜÍSTICO	A LINGÜÍSTICO	TECNOLOXÍA	A LINGÜÍSTICO	
4º A	ED. FÍSICA	MATEM / FÍS E QUÍ	MATEM / FÍS E QUI	PLÁSTICA / MATEM	RELIXIÓN		
<b>6ª CLASE</b> 14:25 A 15:15	CLASE	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
	1º A	PLÁSTICA	CIENCIAS	OPTATIVA	CIENCIAS	GALEGO	
	1º B	INGLÉS	GALEGO	RELIXIÓN	INGLÉS	INGLÉS	
	2º A	CIENCIAS	TITORÍA	TECNOLOXÍA	ED. FÍSICA	RELIXIÓN	
	2º B	ED. FÍSICA	MÚSICA	CIDADANÍA	RELIXIÓN	TITORÍA	
	3º A	BIOLOXÍA	TITORÍA	GALEGO	XEOGRAFÍA	TECNOLOXÍA	
	3º B	MÚSICA	INGLÉS	FÍSICA E QUÍMICA	GALEGO	TITORÍA	
	3º C	INGLÉS	TECNOLOXÍA	A LINGÜÍSTICO	A LINGÜÍSTICO	A LINGÜÍSTICO	
4º A	TITORÍA	CASTELÁN	INGLÉS	MÚSICA / BIOLOXÍA	PLÁSTICA / MATEM		
<b>7ª CLASE</b> 15:55 A 16:45	CLASE	XOVES TARDE		<b>8ª CLASE</b> 16:45 A 17:35	CLASE	XOVES TARDE	
	1º A	PLÁSTICA			1º A	CASTELÁN	
	1º B	CASTELÁN			1º B	PLÁSTICA	
	2º A	CIENCIAS			2º A	MÚSICA	
	2º B	MÚSICA			2º B	CIENCIAS	
	3º A	CASTELÁN			3º A	GALEGO	
	3º B	XEOGRAFÍA			3º B	CASTELÁN	
	3º C	A LINGÜÍSTICO			3º C	TITORÍA	
4º A	GALEGO		4º A	ÉTICA			

MÚSICA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:35		5º (PRI)	4º (PRI)		
10:35 - 11:25	P 3		3º (PRI)		
11:45 – 12:35	1º B (PRI)	1º A (PRI)	3º A	P 4	
12:35 – 13:25	4º		4º		6º (PRI)
13:35 – 14:25	2º A	3º B		3º A	
14:25 – 15:15	3º B	2º B		4º	
15:15 – 16:05			2º (PRI)	P 5	
15:55 – 16:45				2º B	
16:45 – 17:35				2º A	

ED. FÍSICA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:35		2º A 1º B (PRI)	6º (PRI)	1º A (PRI)	3º (PRI)
10:35 - 11:25	3º B / P 5	3º A 2º (PRI)	4º 4º (PRI)	6º (PRI)	3º B
11:45 – 12:35	3º (PRI)	1º B	2º B / P 4		1º A
12:35 – 13:25	1º A (PRI)	1º B 5º (PRI)	3º A 1º B (PRI)	4º (PRI)	1º A
13:35 – 14:25	4º				
14:25 – 15:15	2º B		P 3	2º A	
15:15 – 16:05	2º (PRI)		P 5	5º (PRI)	
15:55 – 16:45					
16:45 – 17:35					

INGLÉS INF./PRIM	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:35	1º B	4º	5º	6º	
10:35 - 11:25	4º	3º	6º	4º	2º
11:45 – 12:35	6º	2º	1º A (PL)		1º B
12:35 – 13:25	3º	1º A		5º	1º A
14:25 – 15:15	4º (PL)	P 3	3º (PL)	1º B (PL)	
15:15 – 16:05	5º	P 4	P 5 3º	2º (PL)	

RELIXIÓN PRIMARIA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:35					
10:35 - 11:25	2º				6º
11:45 – 12:35	5º	3º			4º
12:35 – 13:25	4º		1º A		
14:25 – 15:15		P 4	2º	P 5	
15:15 – 16:05		6º	P 3	1º B	

O Centro permanecerá aberto de luns a venres de 09:35 a 16:05 horas ininterrompidamente. O número de FAX e o de TELÉFONO do Colexio e o 981 - 504027. O da Conserxe e o 981 – 504011.

Correo Electrónico: [cpi.fonte.diaz@edu.xunta.es](mailto:cpi.fonte.diaz@edu.xunta.es)

A secretaría do Colexio, atende de 09:30 a 14:30 e os xoves pola tarde de 15:30 a 17:30.

Os alumnos, no horario non lectivo, poden utilizar as instalacións e o material de acordo coa programación anual de actividades extraescolares.

Para a utilización das instalacións do Colexio, fora do horario Escolar por persoas da Comunidade Educativa, deben solicitalo na Secretaría do Centro. Se dito uso é por persoas alleas a comunidade escolar ten que pedilo ante a Dirección, e previo informe do Consello Escolar, tramitarase dita petición ante a Delegación Provincial.

En tódolos casos ten que figurar unha persoa responsable das posibles anomalías que se poidan producir.

## **DOCUMENTO Nº 3: SERVICIOS COMPLEMENTARIOS**

### **1.- TRANSPORTE ESCOLAR:**

O transporte Escolar do C.P.I. “Fonte-Díaz” de Touro, está organizado de acordo coa Orde de 1 de Marzo de 1991 (D.O.G. do 14).

No presente Curso usan o transporte 228 alumnos.

Os autobuses están sinalados con números e cores, que indican o camiño que fan.

- 1: ORDINARIO: LOUREIROS - CEBREIRO**  
**DOBAXE: BAIOBRE - ANGUMIL**
- 2: ORDINARIO: RIBEIRA - CALVOS**  
**DOBAXE: RIBEIRA - ANDEADE-ROZAS**
- 3: ORDINARIO: FAO – BENDAÑA**  
**DOBAXE: FAO – BENDAÑA**
- 4: ORDINARIO: VILAR – BAMA**  
**DOBAXE: LOXO – BAMA**
- 5: ORDINARIO: FOXÁS – VILAR**
- 6: ORDINARIO: MUÍÑA – TURCES**
- 7: ORDINARIO: LOXO – PREVEDIÑOS – EMP. DE VILAR**  
**DOBAXE: LOXO – PREVEDIÑOS – EMP. DE VILAR**
- 8: ORDINARIO: ANDEADE – MERÉS.**  
**DOBAXE ORDINARIO: MOURELOS – LOXO**

## **2.- COMEDOR ESCOLAR:**

O funcionamento dos comedores escolares regúlase polo Decreto 132/2013 de 01 de agosto (D.O.G. do 13/08/13).

Poderán ser usuarios do servizo de comedor:

- a) Todos os alumnos matriculados no centro.
- b) O Director, responsable do comedor, persoal de cociña e as persoas que colaboren nas tarefas de vixilancia nos días en que presten o citado servizo.
- c) O persoal docente e non docente.
- d) Os auxiliares de conversa e alumnos en prácticas.

No caso de que a demanda sexa superior ás prazas existentes, o consello escolar establecerá as prioridades seguindo a orde establecida no parágrafo anterior.

### **Serán usuarios gratuitos do comedor:**

- a) Os alumnos pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación económica de exclusión social ou se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- b) Os alumnos teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- c) Os alumnos que pertencen a unidades familiares vítimas do terrorismo ou de violencia de xénero.
- d) Os alumnos que pertencen a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per capita inferior a 7000 €.
- e) O persoal de cociña durante os días de traballo.
- f) Os coidadores que durante o xantar e os períodos de atención anterior e posterior atendan a alumnos.
- g) O Director e o encargado de comedor.
- h) Os pais/nais ou titores legais e acolledores familiares que colaboren na atención aos alumnos.

Persoas beneficiarias de bonificacións nos comedores:

**Serán beneficiarios de bonificación no comedores, agás na contía de 1**

**€ por día de servizo:**

- a) Unidades familiares con menos de tres menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil con renda neta anual entre 7000,01 e 8000 €.
- b) Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil con renda neta per capita igual ou superior a 7000,01 €.

Serán beneficiarios de bonificación no comedores, agás na contía de 2,5

**€ por día de servizo:**

- c) Unidades familiares con menos de tres menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil con renda neta anual entre 800,01 e 9000 €.

O Consello escolar dará a máxima información ás familias sobre o servizo de comedor escolar prestado no centro, para que poidan beneficiarse, se é o caso, das bonificación, de acordo co disposto neste decreto e na normativa que o desenvolva.

**Estarán obrigadas ao pagamento dos prezos públicos:**

- a) Todas as unidades familiares acollidas nos puntos anteriores.
- b) Persoal docente, non docente, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas que non teñan responsabilidades na organización nin coidado do comedor.

No caso de que a renda neta da unidade familiar teña unha diminución de ingresos que supoña o cambio do tramo de rendas autodeclarado previamente, como consecuencia de acreditación de situacións de paro de duración superior a seis meses de calquera membro da unidade familiar, (pai/nai ou titor/a), poderase axustar os importes a pagar polo servizo.

## **PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS:**

Todas as familias que solicitaran o uso do servizo de comedor escolar con resultado de abono dalgunhas das cantidades establecidas, deberán:

1. Indicar no mes de setembro os días da semana de uso para o curso (no caso de non indicar nada entenderase que se come de luns a venres).
2. Durante a última semana de cada mes, e de ser o caso, comunicarse na secretaría do centro se algún día o alumno non fixo uso do servizo.
3. Durante os cinco primeiros días de cada mes o centro repartirá aos alumnos de pago de servizo tres follas de taxas para realizar o ingreso da citada taxa no banco. O citado pago deberá de efectuarse antes do día 20 de cada mes, entregando na secretaria do centro a copia de administración como xustificante.
4. No caso de non realizar o pago no prazo establecido, podería privarse o uso do comedor no seguinte mes.

## **PERSOAS DE ATENCIÓN E COIDADADO DE COMEDOR ESCOLAR:**

As persoas que colaboren no comedor desempeñarán as funcións que sinala o artigo 8.5 da Orde de 21/02/2007.

Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo: persoal de cociña, coidadores/as de educación especial e análogos con alumnado ao que asistan no comedor etc).

Se fose precisa a participación dun membro da comunidade educativa que careza de relación funcional ou laboral coa Consellería e se preste voluntariamente, para actuar como colaborador no comedor, esta persoa, antes de asumir tal cometido, deberá asinar unha declaración na que conste o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación.

Tales funcións de colaboración no comedor só poderán ser desempeñadas por nais, pais, titores legais ou acolledores familiares de alumnos/as que estean cursando actualmente estudos no centro docente respectivo. Estas persoas non poderán desempeñar as funcións de colaboración no comedor durante



dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que o realizasen durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2012-2013. Soamente nos casos en que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, poderase, en virtude de autorización expresa da Xefatura Territorial que corresponda, excepcionalmente o cumprimento da regra xeral sinalada.

Ata os últimos días do mes de setembro, exporase no centro o anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso escolar.

Rematado o referido prazo, a dirección do centro, tras informe do consello escolar, determinará as persoas que durante o curso van colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos alumnos comensais, elixindo aquelas idóneas, que non tiveran oportunidade no curso anterior de colaborar no comedor escolar durante máis de 36 días. No suposto de que o número de solicitantes non colaboradores durante máis de 36 días no curso anterior non cubriera as necesidades existentes nos centros, de acordo coas esixencias da Orde do 21 de febreiro de 2007 ou da que corresponda, no caso de aprobarse unha nova orde que a substitúa, a Xefatura Territorial correspondente poderá autorizar provisionalmente a colaboración de pais, nais, titores legais ou acolledores familiares de alumnos matriculados nos centros aínda que xa actuaran voluntariamente durante máis de 36 días no curso anterior. Para estes efectos, a dirección do centro terá que presentar ante a Xefatura Territorial correspondente o certificado de exposición e o resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso,. A antedita autorización provisional estenderase ata o último día lectivo do mes de decembro, data de remate final, no seu caso, da admisión de solicitudes de colaboración para o curso, para o cal nos centros de ensino que non obtiveron suficientes voluntarios que non colaboraran no curso anterior. Entre o 9 e o 18 de xaneiro do seguinte ano, a dirección do centro remitirá á Xefatura Territorial o certificado de exposición e resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa

para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso.

Se o número de solicitudes para novas coidadoras superara o número de prazas das mesmas, terán preferencia:

- a) Cálculo da renda per capita da última declaración, segundo as normas para as becas do comedor.
- b) O número de fillos matriculados no centro.
- c) Pertenza a ANPA.
- d) En caso de coincidencia de datos procederáse a un sorteo público.

O número de coidadoras que lle corresponde ao noso comedor e de doce.

A xornada das coidadoras será entre as 13:15 e 16:05

As coidadoras serán as responsables dos alumnos en infantil dende que os recollen nas aulas ata que os devolven ao comezo das clases da tarde.

En ensinanza primaria será dende que os alumnos saen ao patio ás 13:25 e ata que volven a entrar nas clases ás 14:25.

Nos venres en infantil e primaria a súa vixilancia será ampliada ata que os alumnos saían do colexio.

No caso dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria terán a súa competencia dende que saen de clase ás 15:15 ata que remata a xornada ás 16:05, agás os xoves que será ata que volven ás clases ás 15:55.

Nos meses de xuño e setembro ás súas responsabilidades irán entre que os alumnos saen da clase para o comedor ou patio e ata que marchan no transporte escolar.

A organización do noso comedor está aprobada polo Consello Escolar. Neste Curso disfrutan de beca completa 234 alumnos, 20 pagan 1 €, 7 aboan 2,5 € e 14 alumnos pagan a totalidade de 4,5 €.

Temos dúas quendas cada día. No primeiro, xantan 170 nenos, e o resto dos rapaces fano na segunda quenda.

O persoal de cociña está formado por cinco cociñeiras.

A profesora encargada do comedor no presente curso é Pilar Rial Budiño.

### **3.- BIBLIOTECA ESCOLAR:**

Unha biblioteca escolar deberá proporcionar ao alumnado, profesorado e comunidade educativa as oportunidades para que poidan avanza nos seus obxectivos e ampliar a calidade dos procesos de aprendizaxe ou de ensinanza nos que estean inmersos.

A biblioteca escolar ten que ofrecer a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais, independentemente do extracto económico e cultural de procedencia, actuando como axente de compensación social. Así mesmo deben ser un recurso fundamental para a formación do alumnado nunha sociedade de información.

A biblioteca deberá permitir o acceso a materias informativos actualizados, diversos, apropiados, suficientes en número e calidade así como contemplar todas as areas do currículo, ao mesmo tempo que son espazos para a lectura.

Segundo todos estes conceptos a organización da nosa biblioteca permite:

- a) Apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe autónoma.
- b) Tratamento da lectura comprensiva.
- c) Desenvolvemento de habilidades e competencias básicas.
- d) Achegamento aos distintos soportes documentais.
- e) Educación ao acceso a información, tratamento de información e competencia dixital.
- f) Creación e consolidación de hábitos de lectura e escritura.
- g) Acceso igualitario aos recursos culturais.
- h) Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer.
- i) Apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- j) Centralización nun so espazo con xestión única da maioría de recursos do centro.
- k) O profesorado nas programacións correspondentes ten en conta a biblioteca como medio e método de impartición.
- l) A biblioteca está directamente vinculada co proxecto lector do noso centro.

Aínda que sempre se destinou un cantidade anual para aumentar e renovar os fondos bibliográficos, a partir do vindeiro orzamento figurará unha partida presupostaria de entre o 5 e o 10% para este fin.







### **ORGANIZACIÓN:**

A nosa biblioteca sufriu unha gran renovación dende fai seis anos. O motor de este cambio foi a realización por parte da bibliotecaria do curso de “BIBLIOTECAS ESCOLARES”.

A partires de esta data renovouse o proceso de préstamo e catalogación, basado no C.D.U., e mediante un programa informático de creación propia logramos ter unha base de datos dos fondos bibliográficos do noso centro, cumprindo as nosas necesidades primarias, realizamos unha expurgación que nos permitiu actualizar nunha primeira criba os libros máis axeitados para as necesidades dos nosos alumn@s e profesores.

A aplicación informática empregada, foi creada por colaboradores do noso Centro, segundo as necesidades relatadas pola bibliotecaria para poder levar a cabo a súa tarefa de catalogación e préstamo dun modo máis axeitado, rápido e seguro. Tivemos que recorrer a unha aplicación basada nun programa de bases de datos, ao non existir un convenio entre a Consellería de Educación e o M. E. C., para poder implantar o programa “ABIES”.

O programa informático está realizado en “Acces 2000”, e permite levar a cabo as seguintes funcións:

-  Rexistro e búsqueda de usuarios.
-  Seguimento e automatización do préstamo de libros.
-  Actualización e catalogación do fondo bibliográfico.
-  Consulta de títulos do citado fondo.
-  Consulta dos préstamos levados a cabo a través da aplicación.
-  Xestión e seguimento da evolución das lecturas dos alumnos.

Tódolos libros da nosa biblioteca que poden ser prestados, teñen como indicativo unha “P” no “tejuelo”, mentres que os que só se poden consultar nas propias instalacións son identificados cunha “C”.

Poderán levar libros prestados tódolos alumnos e persoal do centro, así coma outras persoas, pais, ex alumnos, etc., relacionados ca comunidade educativa.

Os préstamos levaranse a cabo por un período máximo de 15 días, sendo este prorrogable. O horario para realizalos, é de 11:25 a 11:45, coincidindo co recreo dos [alumn@s](#).

A identificación dos usuarios, faise cun número único para cada [alumn@](#), facendo coincidir este co do seu expediente académico.

Os rapaces poderán levar como máximo un libro en galego e outro en castelán, podendo variarse esta norma en casos excepcionais.

O centro tenta realizar as máximas aportacións económicas cada ano, na renovación e adquisición de novos títulos, como pode verse nos gastos realizados nos dous últimos anos. Estes gastos contan coa axuda da Asociación de Pais de [alumn@s](#) do colexio.

Durante o período lectivo, cada curso ten reservado dúas horas de clase á semana para acudir á biblioteca. A biblioteca permanece aberta nos recreos (11:25 a 11:45) para préstamos, sendo atendida pola mestra do equipo de apoio Dona María Consolación Bouzas Collazo. De 13:45 a 14:25 membros do equipo de apoio á biblioteca, fan gardas de luns a xoves, e os venres de 13:45 a 15:15.














Tamén poderá utilizarse a biblioteca fora de estes horarios, previa solicitude ó equipo directivo ou á bibliotecaria do centro.

Unha das medidas de potenciación e fomento da lectura entre a comunidade escolar foi a creación dun club de lectura entre [alumn@s](#), profesores, pais e demais membros da comunidade educativa que así o desexan dende a súa implantación pola XUNTA DE GALICIA, así como a presenza de prensa, e revistas educacionais e recreativas para o seu esparcemento.

## ANÁLISE DAS NECESIDADES DE RENOVACIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS

### DOCUMENTAIS:

Entre as maiores necesidades, destacan:

-  Actualización periódica dos fondos documentais.
-  Renovación do material antigo.
-  Aumento do número de tomas de internet.
-  Necesidade de un maior número de ordenadores.
-  Ampliación do espazo para o uso de consulta telemática.
-  Renovación de mobiliario.
-  Incremento de suscripcións de carácter periódico para o profesorado.
-  Presencia de revistas e prensa axeitada para os [alumn@s](#).
-  Aumento do fondo de comics e lecturas atractivas para o fomento da lectura nos máis xovenes.
-  Aumento dos fondos científico técnicos, para completar as proporcións recomendadas de número de libros de cada materia.
-  Aumentar os materiais didácticos e de lecer para o novo espazo que temos proxectado crear no Edificio de Educación Infantil para os [alumn@s](#) de esta etapa.
-  Materiais axeitados para [alumn@s](#) con necesidades educativas especiais.
-  Producións do propio centro, tanto en material impreso como en CD-ROM, polo que podemos considerar que a biblioteca do centro e unha biblioteca multimedia, organizada de medios de comunicación do coñecemento en diferentes soportes ao servizo do centro.

Dentro dos criterios de selección e valoración, teremos en conta os contidos e o tratamento do tema con respecto ao material impreso, así coma a adecuación ao nivel educativo, facilidade de uso, adaptación á capacidade dos [alumn@s](#) e metodoloxía axeitada con respecto aos materiais informáticos.

### **FUNCIÓNS DO RESPONSABLE DA BIBLIOTECA:**

- a) Elaborar a programación anual e a memoria final.
- b) Colaborar na elaboración e posta en práctica do proxecto lector
- c) Organizar a recompilación e tratamento técnico dos fondos documentais.
- d) Informar á comunidade educativa das actividades da biblioteca.
- e) Manter actualizada a páxina web.
- f) Elaborar o plan de novas adquisicións.
- g) Definir os criterios para os prestamos de aula.
- h) Elaborar unha guía de usuario.
- i) Organizar actividades puntuais que xiren arredor da lectura.
- j) Deseñar proxectos que faciliten a integración do uso da biblioteca no proceso da ensinanza.
- k) Establecer canles de comunicación co exterior.

Para poder levar a cabo todos os puntos arriba mencionados contará cun equipo de apoio á biblioteca composto por:

- a) María José Furelos Dios.
- b) María Jesús Gay Chousa.
- c) Flores Cao González.
- d) Carmen Fernández Bouza.
- e) Carmen Forján García.
- f) Carmen Lages Padín (coordinadora club lectura).

Dentro do Consello Escolar tamén crearemos unha comisión de biblioteca.

**AVALIACIÓN:**

- a) Valor que o centro concede á biblioteca, recursos e persoal que aporta.
- b) Accesibilidade aos servizos da biblioteca.
- c) Apoio ao currículo.
- d) Equilibrio entre os fondos da biblioteca. Temos que tender a ter un 60% de libros de información e un 40% de libros ficción.
- e) Coordinación pedagóxica.
- f) Competencias en lectura e escritura.
- g) Competencia dixital e información para aprender a aprender.
- h) Competencia social e cidadán.
- i) Uso da biblioteca por alumnos profesores e resto da comunidade educativa.
- j) Relación e coordinación ca biblioteca municipal.